Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO
DO CONSELLO SOCIAL DO 25.11.2025

LUGAR: Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo. Illa de Toralla.
DATA: 25.11.2025

HORA DE COMEZO: 10:15 h.
HORA DE REMATE: 13:30 h.

LISTA DE ASISTENTES:

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Bravo Bosch, María José
Calviño Rodríguez, Xulio
Caparrini Marín, Natalia
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Míguez, María de los Ángeles
Gómez Xunqueira, Demetrio
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Mollinedo Lois, Carlos
Novoa Fernández, Luis
Pedrosa Silva, Ernesto
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Santamaría Conde, Juan José
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

DESCULPARON ASISTENCIA:

Lima González, Estela
López Fernández, Yolanda
Martínez Alonso, David
Martiño Gómez, Antonio
Muleiro García, Avelino

NON ASISTIRON:

Crespo Tobío, Silvia
González Pérez, José Ignacio
Ortiz Álvarez, Ana María

SECRETARIO:

Rodríguez Iglesias, Ignacio

Consello Social
Universidade de Vigo

O martes, día 25 de novembro de 2025, ás 10:15 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (17.07.2025).
2. Informe do presidente.

Propostas, análises, informes e acordos da Comisión Económica (13 de outubro de 2025)

3. FEUGA: Prazo para a eliminación de remanente. Estado dos saldos.
4. Salvedades sobre as contas de 2024 da UVigo. Informes solicitados á Xerencia sobre a situación do remanente e os saldos de dubidoso cobro.
5. Informe solicitado á Xerencia sobre o rexistro de terreos da UVigo. Situación e medidas a adoptar.
6. Aprobación definitiva da creación e participación da UVigo na spin-off CIES5SEC (Consello de Goberno do 25 de xuño de 2025).
7. Outros asuntos. (Spin-off "Nexolnn". Contratación de auditoría de contas de 2025 e seguintes. Doazón de equipos pola Fundación FAIMEVI. Ampliación da aportación de capital social a SIGMA. Convenios. Oferta de emprego público 2025).

Propostas de aprobación e acordos aprobados pola Comisión Executiva (16 de outubro de 2025)

8. Aprobación definitiva das Bolsas-colaboración.
9. Creación do Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte (INCIDE).
10. Designación de novos membros das Comisións Executiva e Económica.
11. Outros acordos. Titulacións 2027/2028. Axudas.

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (11 de setembro de 2025)

12. Aprobación dos prezos públicos aplicables a titulacións oficiais no curso 2025/2026, por servizos administrativos e académicos da UVigo.
13. Acordos de patrocinio e axudas.
14. Incorporación de Luis Novoa Fernández como novo membro do Consello Social en representación da Confederación de Empresarios de Ourense.
15. Designación dun representante do Consello Social no Instituto de Investigación de Ciencias do Deporte.
16. Aprobación, se procede, da convocatoria de Prácticums para o ano 2026, e dotación económica correspondente.
17. Informe do Reitor. Posicionamento da UVigo sobre a titulación de Medicina. Outros asuntos varios.
18. Presentación das conclusións do estudo do Observatorio das persoas tituladas en estudos oficiais en toda a historia da UVigo (1990-2024).
19. Rogos e preguntas.

Ábrese a reunión co agradecemento do presidente aos asistentes pola súa presenza, e o saúdo do director da Estación dando a benvida ao pleno.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (17.07.2025).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Subliña Ernesto Pedrosa a importancia da ECIMAT, principal estrutura de investigación mariña da UVigo e única a nivel mundial nos seus campos de investigación, e destaca as súas instalacións -"nas que celebramos este pleno"- que ofrecen servizos científicos/técnicos a calquera entidade pública ou privada, e a súa apertura á sociedade para dar a coñecer os resultados das súas investigacións, "o que como Consello Social valoramos especialmente".

No tocante á orde do día, nun texto ao que dá lectura e que se anexa á acta, sinala as atribucións económicas como un pilar esencial nas competencias do Consello Social e a función que cumpre no control estratéxico e a fiscalización. Salienta o papel da Comisión Económica e orzamentaria, e o traballo que está a facer para elevar ao pleno propostas e informes fundamentados. Neste afán apela a que a comisión dispoña dun apoio técnico especializado e manteña un diálogo construtivo coa Xerencia.

Demanda unha relación "leal e xenerosa" neste obxectivo, "sen demoras na información solicitada e sen sospeitas", "porque imos xuntos", engade. Con este fin reclama que a comisión avance nas súas preguntas e teña unha interlocución que mellore nas súas respostas. Lembra finalmente que constitúe unha obrigación ineludible para o Consello Social implicarse directamente no seguimento e exame do cumprimento das observacións e recomendacións que realicen os órganos e entidades externas de control, así como nas actuacións que a universidade leve a cabo para paliar as deficiencias que detecten os informes.

Agradece ao presidente da comisión e demais membros o "rigoroso traballo, o nivel de implicación e a perseveranza" das súas actuacións. "A comisión cumpre extraordinariamente o seu cometido, e espero que a universidade saiba aproveitalo".

Finalmente comunica a iniciativa do Parlamento para remudar aos seus representantes que teñan cumprido o segundo mandato, e a situación da UVigo como primeira de España no ranking DYNTRA de transparencia.

Remata cunha lembranza ao pasamento de Marisol Novoa "que nos deixa un profundo pesar", e dá a benvida ao seu substituto, Luis Novoa, ao que fai partícipe do legado da súa predecesora.

Toma a palabra Juan Manuel Vieites para informar dos asuntos tratados na última comisión económica (puntos 3 a 7 da Orde do día). Aclara que algunhas das cuestións económicas recollidas que se apuntan veñen xa de lonxe e seguen pendentes, pero que a Comisión "sigue insistindo en pedir as necesarias explicacións e aclaracións que en gran medida seguen pendentes, algunhas van xa para dous anos". Neste intre apela á Xerencia para que non se sigan demorando "para evitar riscos".

PUNTO 3

FEUGA: Prazo para a eliminación de remanente. Estado dos saldos.

Informa Juan Manuel Vieites que na última Comisión Económica -a proposta da Xerencia e oídas as explicacións e dificultades expostas para cumprir o compromiso de liquidar os remanentes de FEUGA antes do 31 de decembro de 2025, aceptouse ampliar o prazo a outubro de 2026, "sendo conscientes de que mesmo unhas eleccións reitorais por medio poderían facer decaer o compromiso". Pero advirte que a comisión manterá a posición e o obxectivo ante o novo equipo de goberno "e ata que a recomendación se execute". Polo que aclara que "esta prórroga é para que chegado outubro de 2026 xa non existan remanentes pendentes de retorno.

Finalmente **SOLICITA á Xerencia que, á maior brevidade, inicie as accións oportunas e irreversibles para que o remanente de FEUGA se liquide en outubro e evitar máis demoras, "sexa cal sexa daquela o escenario".**

- *O pleno dáse por informado.*

PUNTO 4

Salvedades sobre as contas de 2024 da UVigo. Informes solicitados á Xerencia sobre a situación do remanente e os saldos de dubidoso cobro.

Detalla Juan Manuel Vieites que cando se aprobaron as contas 2024 da UVigo, a auditoría recollía dúas salvedades: unha sobre o inventario, xa recorrente; e outra, novidosa, na que se di que non se fixo a comparativa tralo cambio de criterio no cálculo do remanente. Engade que -como xa se adiantou no pleno de xullo- preocupa esa nova salvedade, polo que se lle pediu á Xerencia que active e presente a información necesaria para levantala. En concreto:

- Táboa comparativa do cálculo do orzamento dos exercicios 2024 e 2023 co novo criterio utilizado no 2024, sendo preciso que se realice o cálculo do remanente do exercicio 2023 co criterio actualizado de 2024.
- Detalle do remanente afectado para coñecer a composición dos fondos recibidos pola Universidade que implicarán gastos futuros, co que se terá o importe do remanente afectado e evitará problemas en futuros cálculos.
- Detalle dos saldos de debedores de dubidoso cobro e estado actual de ditas débedas para comprobar o seu cobro efectivo ou a súa viabilidade.

Comenta o presidente da Comisión Económica que, á vista da información recibida (recollida na carpeta do punto 4 da orde do día), no tocante ao remanente afectado, o detalle permitiría calcular dito remanente para o exercicio 2023, eliminando o efecto da financiación recibida e gastada en 2024, "así poderiamos ter o remanente dispoñible do exercicio 2023 co novo cálculo". Engade que a Xerencia solicitou esperar a febreiro para realizar os cálculos precisos para publicar esta comparativa do remanente de Tesouraría dispoñible entre o exercicio 2024 e 2023, de cara a eliminar a salvedade do auditor nas contas anuais de 2024. Apunta que se acordou atender a espera, agradecendo que "sexa a data definitiva para levalo a cabo".

Respecto dos saldos de dubidoso cobro, comenta Juan Manuel Vieites que a información recibida da Xerencia explica que o auditor solicitou un cambio de criterio para que as débedas que a Axencia Tributaria mantén coa UVigo polo tema o IVE pasen de *"Derechos pendientes de cobro de operaciones no presupuestarias"* a *"deudores de dudoso cobro"*. Á vista do informe remitido pola Xerencia, pódese realizar unha estimación comparativa entre 2024 e 2023, podendo concluír que a Universidade mantén o saldo de dubidoso cobro de terceiros que non son a Axencia Tributaria, pero que se incrementaron os saldos de débedas de operacións non orzamentarias en 2.093.841,26 €.

Ao descoñecer o cambio de criterio do auditor posto que a Axencia Tributaria como administración pública non se pode considerar insolvente e se dispón dunha sentenza do Tribunal Supremo confirmando o criterio de deducibilidade utilizado pola universidade, **SOLICÍTASE á Xerencia que emprenda as accións oportunas co auditor para que confirme ou cambie este criterio sobre a composición das débedas de dubidoso cobro.**

Juan José Santamaría refire neste punto que se suma ás referencias do presidente sobre as responsabilidades do Consello Social nos asuntos económicos da UVigo, e expresamente sobre o cumprimento debido das recomendacións do Consello de Contas e da Auditora, en concreto, polo que se refire ao Inventario do Inmobilizado material. Engade que seguen sendo rechamantes as contías de dubidoso cobro de ingresos que despois resultan incobrables. Remata manifestando que "os orzamentos hai que elaboralos e executalos, en ingresos e en gastos, "co maior rigor. O indicador de execución orzamentaria debe, pois, ser mellorado".

- *O Pleno dáse por informado.*

PUNTO 5

Informe solicitado á Xerencia sobre o rexistro de terreos da UVigo. Situación e medidas a adoptar.

Explica Juan Manuel Vieites que no propósito de avanzar na solución da salvedade relativa ao patrimonio da UVigo, dende a Comisión se lle piden periodicamente á Xerencia informes sobre a evolución das medidas implementadas, polo que a fin de ter permanentemente actualizado o inventario de bens, tanto patrimoniais como de titularidade pública postos a disposición da ensinanza superior, a comisión solicitou da Xerencia informe sobre a titularidade dos terreos cedidos ou adscritos a CUSA, así como das

xestións realizadas para que os terreos e edificios estean correctamente rexistrados e coas licencias e permisos oportunos.

Apunta que na documentación recibida (recollida na carpeta do punto 5 da orde do día) preséntase informe do ano 2020 sobre a situación dos terreos do campus de Vigo, que evidencia que non se ten avanzado moito durante cinco anos a pesar das reiteradas salvedades do auditor, e na que tampouco nada se di dos outros campus. O presidente da comisión valora o diagnóstico da situación como un paso inicial, pero demanda un plan a medio prazo sobre como se van a resolver as incidencias dese diagnóstico e os pasos a dar para normalizar todas as instalacións da UVigo.

Polo dito, SOLICÍTASE da Xerencia que estableza un plan de actuación a medio prazo - claro e rigoroso- para avanzar nesta necesaria normalización, e nos informe que está facendo actualmente ao respecto.

Neste punto, Juan José Santamaría lembra que leva cinco anos loitando por este tema polo que se aleda de que a Comisión Económica o faga seu. Consonte escrito que aporta á acta, evoca que con anterioridade tivo que acudir á Valedora do Pobo, "para obter algún tipo de información ao respecto previamente requirida a este Consello Social. De feito, non se debería ter outorgado a favor de CITEXVI a escritura pública, de 13 de abril de 2016, que se cita nas propias Memorias das Contas Anuais dos últimos anos. A cesión do dereito de superficie de terreos da UVigo, feita a favor desta mercantil instrumental mediante escritura pública, non é inscribible, de momento, no Rexistro da Propiedade mentres os terreos da UVigo non estean debidamente rexistrados e inventariados a favor da mesma".

- *O Pleno dáse por informado.*

PUNTO 6

Aprobación definitiva da creación e participación da UVigo na spin-off CIES5SEC (Consello de Goberno do 25 de xuño de 2025).

Expostas en liñas xerais as principais referencias da actividade proposta, do mercado ao que se dirixe e da participación da UVigo, o Pleno ACORDA:

- *Dar a súa aprobación.*

PUNTO 7

Outros asuntos. (Spin-off "NexoInn". Contratación de auditoría de contas de 2025 e seguintes. Doazón de equipos pola Fundación FAIMEVI. Ampliación da aportación de capital social a SIGMA. Convenios. Oferta de emprego público 2025).

Juan Manuel Vieites dá conta sucintamente do resto de asuntos aprobados, tratados ou dos que se deu por informada a Comisión que preside:

- Aprobación inicial da creación da spin off "NexoInn", con entrada da UVigo no accionariado cun porcentaxe do 4% sobre o capital mínimo esixido, de 3.000 euros.
- Tramitación dun novo expediente para contratar a auditoría de contas da UVigo, ao rematar o contrato anterior, estando xa publicado o anuncio da licitación.
- Darse por informada sobre os aproximadamente 240 convenios firmados pola UVigo en xuño, xullo e agosto, trinta deles con dotación económica.
- Aprobación da doazón de equipos efectuada pola Fundación Axencia intermunicipal da enerxía de Vigo aos laboratorios de Enxeñaría Eléctrica, por valor estimado de 2.000 €.
- Informe favorable á aprobación da ampliación da aportación do capital social de SIGMA, e á incorporación adicional da UB, en liña co acordado polo Consello de Goberno.
- Toma de coñecemento da Oferta de Emprego Público 2025 do PAS e do PDI da UVigo, aprobada en Consello de Goberno. Logo dun intercambio de opinións, os membros pronunciáronse reclamando á Xerencia que se extreme o control do capítulo I.

- *O Pleno dá a súa conformidade.*

Juan Manuel Vieites remata a súa intervención solicitando á Xerencia -para tratar tamén no próximo pleno- informes sobre as seguintes cuestións:

1. Actualización das medidas correctoras aplicadas para atender as recomendacións feitas á UVigo polo Consello de Contas no seu último informe.
2. Á vista da observación recollida na recente auditoría operativa que encargou o Consello Social sobre o capítulo I, na que advertía da "necesidade de que a UVigo mellore os controis tanto no proceso de contratación de persoal investigador como no cumprimento da lexislación vixente en materia de control horario e avaliación de desempeño", solicítase:
   a) que o teña en conta na elaboración do orzamento 2026, para cumprir co límite de masa salarial que autorice a Xunta.
   b) que informe por que a UVigo é a única no SUG que non ten implementados os controis horarios e a avaliación de desempeño.

PUNTO 8

Aprobación definitiva das Bolsas-colaboración.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 9

Creación do Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte (INCIDE).

O presidente propón retirar este punto dado que o nome do Instituto foi modificado no pasado Consello de Goberno, polo que volverá ao Consello Social coa nova denominación.

PUNTO 10

Designación de novos membros das Comisións Executiva e Económica.

A proposta do presidente, nomease a Avelino Muleiro e a David Martínez como novos membros da Comisión Executiva e da Comisión Económica respectivamente. Ernesto Pedrosa agradécelles o seu compromiso.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 11

Outros acordos. Titulacións 2027/2028. Axudas.

O presidente dá conta do resto de asuntos tratados na comisión, recollidos en síntese no informe da Secretaría que contén a carpeta na que se atopa a documentación deste punto.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 12

Aprobación dos prezos públicos aplicables a titulacións oficiais no curso 2025/2026, por servizos administrativos e académicos da UVigo.

Consonte a documentación que se achega e as explicacións pertinentes feitas polo presidente sobre algún aspectos da proposta remitida.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 13

Acordos de patrocinio e axudas.

O presidente dá conta do resto de asuntos tratados na comisión, resumidos no informe elaborado pola Secretaría, que se recolle na carpeta na que se atopa a documentación deste punto.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 14

Incorporación de Luis Novoa Fernández como novo membro do Consello Social en representación da Confederación de Empresarios de Ourense.

O presidente comunica a incorporación de Luis Novoa como novo membro, xa publicada no DOGA. Dálle a benvida e pondera a súa incorporación e os valores que aporta, así como a importancia da institución que representa. Luis Nóvoa efectúa unha breve intervención entre o agradecemento e o compromiso pola nova responsabilidade que asume.

PUNTO 15

Designación dun representante do Consello Social no Instituto de Investigación de Ciencias do Deporte.

O presidente informa que asumirá persoalmente a representación, por considerar que a crecente e xa numerosa presencia do Consello Social, en distintos órganos e entidades externas require o compromiso de todos.

- ***Apróbase a designación de Ernesto Pedrosa.***

PUNTO 16

Aprobación, se procede, da convocatoria de Prácticums para o ano 2026, e dotación económica correspondente.

Vista a abundante documentación explicativa que se achega, con informes e análises sobre distintos aspectos da convocatoria, as conclusións e aproveitamento da pasada edición e varias gráficas e cadros informativos.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 17

Informe do Reitor. Posicionamento da UVigo sobre a titulación de Medicina. Outros asuntos varios.

Manuel Reigosa principia agradecendo ao Consello Social o aprazamento para resolver os remanentes de FEUGA por cuestións operativas e de eficiencia. Informa da negociación do primeiro convenio colectivo do persoal investigador e persoal de apoio á investigación; da situación e dos tempos da Comisión de Estatutos (coa previsión de ter un proxecto en xaneiro); e de distintas actividades, iniciativas e convocatorias nas que participou, entre elas a presentación do estudo auspiciado polo Consello Social sobre "Valor social integrado da UVigo".

De seguido dá conta do Memorando de entendemento co R. C. Celta de Vigo para a futura posta en marcha dun centro adscrito á UVigo, cun preacordo para vincular o centro que impartirá clases en Balaídos e Afouteza. Cualifica como moi satisfactorio o acordo porque a pretensión inicial era crear unha universidade privada con titulacións que xa imparte a UVigo, e en troques haberá un centro adscrito con titulacións que serán complementarias.

Respecto de Enfermaría, comunica o reitor que a UVigo está á espera de que a Consellería de Sanidade devolva a proposta de convenio de desadscrición, que con POVISA vaise traballar nun convenio que garanta máis os dereitos do estudantado, e que a previsión é impartir primeiro o curso que ven.

No tocante a Medicina explica os antecedentes dende o acordo de 2015 (chegando ata 1991 cando a UVigo pediu a titulación) ata a negociación de 2025, con especial descrición da negociación do grupo de traballo que coordinou para compartir a docencia clínica, e as claves do acordo.

Informa que -a seu xuízo- o ideal sería traballar para un título compartido entre as tres universidades, que o estudantado sexa das tres, e que "compartamos a formación dos médicos". Engade que paralelamente o Consello de Goberno aprobou, con data 17 de outubro de 2025, a expresión de interese na implantación de medicina na Universidade de Vigo, deixándoa en suspenso durante como máximo un mes á espera da consecución do acordo para a descentralización.

O pleno aplaude o papel e o posicionamento do Reitor neste proceso de Medicina, e Emilio F. Zunzunegui manifesta o seu agradecemento e parabéns polo traballo feito. Entre as distintas intervencións sobre Medicina, Xosé Manuel Atanes apoia a postura da UVigo, Mª Teresa Cendón pide

atención á opinión do estudantado, e Mercedes Castro pregúntase que está a pasar para que non poida haber outra Facultade de Medicina.

PUNTO 18

Presentación das conclusións do estudo do Observatorio das persoas tituladas en estudos oficiais en toda a historia da UVigo (1990-2024).

Toma a palabra Luis Espada, como director do Observatorio, para destacar que o proxecto cumpre 11 nos analizando o seguimento periódico da inserción laboral dos egresados da UVigo, e que tivo que saír a licitación pública o pasado ano, polo que anuncia que abandonaría o proxecto en caso de que o traballo tivese outro adxudicatario. Alerta que este "é o principal escollo para a continuidade e viabilidade do Observatorio", que está a realizar "traballos pioneiros que dignifican á UVigo e ao Consello Social".

De seguido, o autor do estudo, Víctor Cacharrón, fía unha detallada e visual presentación das principais conclusións do traballo que analiza a empregabilidade de todas as titulacións oficiais da UVigo nas 35 promocións de egresados comprendidas entre os cursos 1989-1990/2023-2024, recollidas nun documento en castelán e galego de 675 páxinas, 501 táboas, 97 anexos e 26 mapas.

Rematada a presentación prodúcense unha serie de intervencións dos membros que consideran moi positivamente o traballo, os resultados e o valor e singularidade que reporta á UVigo, para coñecer a súa aportación social, a capacidade formativa e a influencia dos seus titulados.

O presidente agradece o traballo e avoga pola súa continuidade.

PUNTO 19

Rogos e preguntas.

Elena Añel agradece ao equipo reitoral -en nome da CIGA- "que se reunisen connosco para trasladarnos a información sobre como se ía proceder aos pagamentos dos afectados pola sentenza do conflito colectivo de Margarita Salas e Mª Zambrano. Valoramos positivamente o esforzo que fai a universidade tanto nas cantidades coma nos prazos."

Resposta o reitor que se pagarán nos próximos dous meses, e agradece a postura do sindicato.

Juan José Santamaría presenta por escrito as súas consideracións sobre varios asuntos, que se reproducen textualmente:

"La UGT también celebra el pronto cobro por los contratados afectados por la Sentencia que se refiere al abono de los Fondos de los Programas María Zambrano y Margarita Salas.

Agradezco la información del Sr. Rector, y doy por recibida la solicitada a la Gerencia a través de este Consello Social, sobre la contratación colectiva, tanto de los avances del Convenio con el Personal de Apoyo a la Investigación como las negociaciones que anuncia para el PDI Laboral.

Vuelvo a recordar que la Presidencia de la AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) convocó nuevas oposiciones para representante aduanero (BOE, 12.06.2024, Resolución de 4 de junio de 2024). Entre los 39 Programas reconocidos, sigue sin figurar el Máster de Comercio Internacional de la Facultad de Comercio cuya petición he venido reiterando desde 2021. En 2023, a través del Sr. secretario de este Órgano, se me facilitó la documentación según las cual la entonces Sra. directora de la Escuela de Estudios Empresariales, hoy Facultad de Comercio, remitió al Rectorado, en 2021, el currículo de tal Máster para que estos egresados se puedan ver beneficiados de la exención del primer ejercicio, el teórico, de los dos, teórico y práctico, de dicha oposición.

Reitero que el Sr. Rector lleve a Consello de Goberno el nombramiento de la persona responsable del Canal Ético o del Informante; pues una cuestión de debido cumplimiento taxativo en los términos de la ley de aplicación y no de aquellas cuestiones que sí son facultativas (art. 8.1 de la Ley 2/2023: El órgano de administración u órgano de gobierno de cada entidad u organismo obligado por esta ley será el competente para la designación de la persona física responsable de la gestión de dicho sistema o "Responsable del Sistema" y de su destitución o cese). Las Universidades públicas están obligadas a tal cumplimiento, en virtud del artículo 13.1.d de dicha Ley. Lo que está en juego es la mayor independencia de tal persona responsable que si la designa el Sr. Rector, como ha ocurrido, según el correspondiente

Reglamento de la UVIGO de tal Canal, mejor que Canle (Cauce), que, como ya dije, no se adecúa a la Ley en este punto concreto.

Las Cuentas Anuales de 2024 de Cidade Univesitaria, S. A. son las primeras que, desde 1999, presentan resultados positivos, gracias a la aplicación de Excesos de provisiones. Pregunto, pues, sobre el porqué de las dotaciones de tales provisiones realizadas en ejercicios anteriores, por un importe de 167.482,80 €".

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:30 horas do 25 de novembro de 2025, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado na data da sinatura dixital)

ERNESTO PEDROSA SILVA
Firmado digitalmente por ERNESTO PEDROSA SILVA
Fecha: 2026.01.12 18:50:44 +01'00'

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado na data da sinatura dixital)

RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Firmado digitalmente por RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Fecha: 2026.01.12 20:02:08 +01'00'

Consello Social
Universidade de Vigo

Anexo I

Informe presidente. Pleno 25 noviembre 2025

Buenos días,

Hemos podido venir, por fin, a la Estación de Ciencias Marinas de Toralla (ECIMAT), la principal infraestructura de investigación marina de la UVigo, única a nivel mundial para investigar en acuicultura, sobre efectos del cambio climático en el medio marino o desarrollar nuevas soluciones biotecnológicas de origen marino. Y hay dos aspectos que quiero destacar:

- Ofrece instalaciones de vanguardia frente al mar y servicios científicos/técnicos especializados a cualquier entidad pública o privada interesada en la investigación marina.
- Y se esfuerza por dar a conocer a la sociedad los logros y resultados de las investigaciones que realizan y promover el interés por la ciencia. Con el impacto social como objetivo. Como Consejo Social lo valoramos especialmente.

Le hemos pedido al director de la Estación una breve explicación de las capacidades y objetivos de estas instalaciones, que en un futuro no lejano podría ser trasladada a la ETEA, a esos terrenos y edificios solicitados por la UVigo a la Xunta, y en los que se sumaría al futuro Campus científico-tecnológico del mar.

Excepcionalmente abrimos esta sesión con los asuntos económicos, por motivos de agenda del presidente de la Comisión Económica. Por esto mismo trataré de ser breve. Agradezco al rector y a los presentadores del Observatorio que hayan aceptado llevar sus puntos al final del pleno.

Quiero recordar que las competencias del Consejo Social en materia económica constituyen uno de los pilares esenciales de su papel en la gobernanza universitaria. Basta ver el artículo 47 de la LOSU. El Consejo Social no gestiona los recursos directamente, pero sí tiene una función de control estratégico y fiscalización. A través del análisis de los presupuestos y las cuentas, debe garantizar que la universidad actúe con criterios de sostenibilidad financiera, coherencia con su planificación estratégica, eficiencia en el uso de los recursos públicos y transparencia ante la sociedad.

En la práctica, muchos Consejos Sociales de las universidades articulan esta competencia mediante la creación de una comisión económica o de asuntos financieros. Esta comisión, con la colaboración de profesionales cualificados, analiza con mayor profundidad la documentación contable antes de su elevación al Pleno. Ese es nuestro caso.

Y también es nuestro caso que, para ejercer eficazmente esta competencia, es recomendable que el Consejo Social cuente con apoyo técnico especializado y que estructure su trabajo en torno a una comisión económica o presupuestaria, que pueda analizar con mayor profundidad los documentos y facilitar al Pleno una propuesta fundamentada.

Una buena práctica es que el Consejo Social mantenga un diálogo constructivo con el equipo rectoral y la gerencia, de modo que sus observaciones puedan ser consideradas con antelación. Esta interlocución contribuye a reforzar la cultura institucional de la planificación económica participada y responsable.

El Consejo Social trata de ejercer estas competencias desde una visión de conjunto, velando por la responsabilidad institucional, el interés público y la rendición de cuentas ante la sociedad.

Esta responsabilidad no implica una función de gestión económica directa, que corresponde a los órganos de gobierno unipersonales, pero sí otorga al Consejo Social un papel crítico de control estratégico y fiscalización.

Por eso creo y destaco que el Consejo Social y más concretamente la Comisión Económica tratan de cumplir de forma leal y generosa con este objetivo. Me gustaría que la interlocución correspondiese del mismo modo. Sin más demoras que las necesarias y sin más obstáculos que los inevitables. Y por supuesto sin sospechas, y sin que haya siempre más preguntas que respuestas. Porque vamos juntos. Por eso me gustaría que en la exposición que hará el presidente de la comisión hubiese más concreciones y menos dilaciones. Más soluciones de presente y menos buenas intenciones que se mantienen años. Pido que tratemos de avanzar en la confianza y restar en los plazos, exigirnos en las preguntas y mejorar en las respuestas. Pongamos de ambas partes.

Porque constituye una obligación ineludible para el Consejo Social implicarse directamente en el seguimiento y examen del cumplimiento de las observaciones y recomendaciones que realicen los órganos o entidades externas de control, así como en el de las actuaciones que la universidad lleve a cabo para paliar las deficiencias que pongan de manifiesto los informes.

Quizá entonces sería conveniente establecer la presentación periódica al Consejo Social (mejor a la comisión) de un informe de seguimiento de las recomendaciones realizadas por los órganos de control, sin necesidad de tener que pedirlo una y otra vez.

Gracias, Juan Manuel y demás miembros de la comisión por su riguroso trabajo, su nivel de implicación y por el perseverante seguimiento de los asuntos, a veces durante años. La comisión cumple extraordinariamente su cometido. Espero que a la universidad le sea útil y sepa aprovecharlo.

Telegráficamente quiero comunicarles:

- La posición de la UVigo como primera de España en el ranking de transparencia DYNTRA.
- Que el Parlamento nos ha comunicado su intención de designar a nuevos representantes en el Consejo Social en lugar de los que han cumplido el segundo mandato.
- Que el acuerdo sobre Medicina (del que nos informará el rector en su informe) se sustente sobre el compromiso de no autorizar ninguna otra iniciativa que pretenda la misma titulación en Galicia.

Y termino con un recuerdo a Marisol Novoa, que fue miembro de este Consejo Social en representación de la CEO, fallecida el pasado 13 de agosto, y que nos ha dejado un profundo pesar. Su entrega y complicidad con este Consejo Social nos acompañará y nos ayudará a preservar su memoria.

En ello nos ayudará la presencia de su sustituto, otro Novoa, Luis Novoa Fernández, al que damos hoy la bienvenida y hacemos partícipe del legado de su predecesora.